



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 28 DE AGOSTO DE 2025

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas e un minuto do día vinte e oito de agosto de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Non asiste á sesión a Sra. concelleira do grupo político do BNG, D.^a Nieves Louro López.

Asiste á sesión a interventora interina, D.^a Laura García Santiago, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.



De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de agosto de 2025, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202508280901270000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

Acceso á videoacta – 00:00:38 horas

A Presidencia concede o uso da palabra á voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, quen, unha vez concedido, manifesta que hoxe, revisando a orde do día do pleno botaron en falta que na parte resolutiva sempre se inclúe un punto no que se di “Mocións urxentes en asuntos de competencia do pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día”. Di que ese punto na orde do día non se recolle e que piden que se poida recoller porque é probable que nalgún momento poidan presentar esa moción urxente. Di que non sabe se é un erro e que sinte non telo dito na xunta de voceiros, pero que o detectou hoxe revisando a documentación.

A petición da Presidencia intervén a Sra. secretaria quen explica que concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día, poden presentarse mocións urxentes aínda que non estea expresamente recollido.

1.1. PROPOSTA RELATIVA AOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2026

Acceso á videoacta – 00:01:49 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 18 de agosto de 2025 (CVD: tujxOleMXT9PwqPnSX0L), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Seguridade, Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente, na sesión ordinaria de data 21 de agosto de 2025, que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 202590000001698 o día 26 de xuño de 2025, procedente do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social, do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no que se solicita que antes do día 1 de setembro de 2025 se remita a proposta na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable do Concello de Cambre para o vindeiro ano 2026.

Propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Establecer como festivos locais do Concello de Cambre para o ano 2026 o día 17 de febreiro (martes de Entroido) e o día 6 de abril (luns de Pascua).



Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao departamento territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración na Coruña, para o seu coñecemento e para os efectos oportunos”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

A continuación, intervén a Sra. Prieto Lamas e manifesta que o grupo municipal do PSdeG-PSOE presentou unha emenda ao ditame da comisión informativa, rexistrada de entrada ao núm. 202599900005324, o día 25 de agosto de 2025, que redactada en castelán e transcrita ao galego di:

“EMENDA DE SUBSTITUCIÓN Á PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2026

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Cambre, ao abeiro do disposto no Regulamento orgánico municipal e demais normativa aplicable, presenta para o seu debate e votación no Pleno a seguinte EMENDA DE SUBSTITUCIÓN á proposta da Alcaldía relativa á designación dos festivos locais para o ano 2026

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A proposta de Alcaldía establece como festivos locais para o ano 2026 os días 17 de febreiro (martes de Entroido) e 6 de abril (luns de Pascua).

Con todo, o Grupo Municipal Socialista considera máis adecuado que, mantendo o día 17 de febreiro, se substitúa o 6 de abril polo 17 de agosto, dado que as festas patronais de Cambre celébranse os días 15 e 16 de agosto, sendo a noite do 16 un momento de gran relevancia social, cultural e de participación veciñal. Resulta coherente e tradicional que o día seguinte, 17 de agosto, sexa recoñecido como festivo local, facilitando a conciliación, a participación e o descanso da cidadanía tras as celebracións.

PARTE RESOLUTIVA

Proponse ao Pleno do Concello de Cambre a aprobación da seguinte modificación da proposta de Alcaldía:

Manter como festivo local o día 17 de febreiro de 2026 (martes de Entroido).

Substituír o festivo local do día 6 de abril (luns de Pascua) polo día 17 de agosto de 2026 (luns posterior ás festas patronais de Cambre).

Deste xeito, os festivos locais do Concello de Cambre para o ano 2026 quedarían fixados en:

1. 17 de febreiro de 2026 (martes de Entroido).
2. 17 de agosto de 2026 (luns posterior ás festas patronais)."

A continuación, intervén o Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda do grupo municipal do PSdeG-PSOE, de data 25 de agosto de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaquito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiño, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Lauda Fernández.

Votos en contra: Dous (2), dos Sres.: Varela Fraguío e Castro Uzal.



Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, de data 25 de agosto de 2025, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

1.2. PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO PÚBLICO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Acceso á videoacta – 00:05:48 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 21 de xullo de 2025 (CVD: 6Y207yxkwi/fnsW/3EQv), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 24 de xullo de 2025, que transcrita di:

«PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO PÚBLICO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

O Pleno do Concello de Cambre en sesión do 26 de setembro de 2013 acordou crear o servizo público municipal de depuración de augas residuais e establecer que a xestión do servizo de depuración se levara a cabo de forma directa pola sociedade mercantil de capital público-denominada EDAR-BENS S.A., como medio propio e servizo técnico do concello de Cambre, para o cal o concello adquiriu desta sociedade 70 accións, equivalentes ao 7% do capital.

Na sesión plenaria do 19 de decembro de 2013 acordouse aprobar a modificación do apartado 2 do artigo 5º da ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa polo servizo de rede de sumidoiros pola que se crea unha tarifa que contribúa á cobertura do custo de prestación do servizo xestionado pola EDAR BENS, S.A. e que naquel momento ascendía a 0,28 euros por metro cúbico de auga consumida, importe deducido do estudio de custos realizado pola sociedade.

O Pleno municipal na sesión do día 26 de outubro de 2016 acordou aprobar provisionalmente a modificación dos artigos 5 e 6 da ordenanza fiscal nº 9 reguladora da Taxa pola Rede de Sumidoiros producíndose a aprobación definitiva por acordo plenario do 25 de maio de 2017, previa desestimación da reclamación presentada por EDAR-BENS, S.A. o 19 de decembro de 2016 con rexistro de entrada número 0/10956 da EDAR-BENS, S.A. .

Visto que as disposicións finais novena, undécima e duodécima da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público introduxeron modificacións, respectivamente, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos; na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria; e no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno municipal na sesión do día 25 de outubro de 2018 acordou aprobar provisionalmente o establecemento e imposición da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais. A aprobación definitiva tivo lugar coa publicación do correspondente anuncio no BOP núm. 246 de 27.12.2018.

Tendo en conta que EDAR-BENS, S.A. é tamén medio propio dos Concellos de de Arteixo, Culleredo e Oleiros e que todos eles teñen recollido expresamente nas súas ordenanzas fiscais que dita sociedade mercantil percibirá en en concepto de contraprestación do servizo que presta as tarifas recadadas relativas aos servizo de tratamento e depuración de augas residuais.

Polo anterior, o 30.06.2025 emitín providencia (CVD: z9y56G58UvK1UI/CxOOV) pola que dispuxen o inicio do expediente de modificación da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais.



O 21.07.2025 a interventora accidental emitiu informe MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLO SERVIZO PÚBLICO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS I 2025 (CVD: FMmHpdI42PozHPOLOxi) no que concluiu que:

"(...)1.- Tal e como informou a intervención municipal o 17.12.2018 (CVD: U5/AAKFFLQNuO/+qUWfJ):

"(...) Da exposición anterior podemos deducir as seguintes conclusións,

a.- A explotación do servizo de depuración de augas residuais está encomendada a sociedade EDAR BENS S.A., como medio propio municipal, segundo acordo do pleno de data 26 de setembro do 2013, pero non existe unha formalización e articulación da forma de compensar á citada sociedade-medio propio pola actividade encomendada no ámbito da depuración, polo que urxe realizar unha concreción do procedemento e condicións de realización de tal compensación.

Esta regularización da relación entre a EDAR BENS, S.A. e o Concello de Cambre pasa, como mínimo, por dous aspectos:

a.1.- Protocolizar e formalizar o procedemento de compensación da actividade encomendada mediante a regulación dos pagos periódicos a EDAR BENS, s.a. orixinados na taxa de depuración e actualmente na prestación patrimonial de carácter público non tributario sobre a actividade de depuración, normalmente sobre a recadación dos correspondentes padróns en voluntaria e posteriormente en executiva sen os correspondentes recargos.

a.2.- Regular o contido e periodicidade da información sobre custos dos servizos prestados pola EDAR BENS, S.A., no marco da encomenda de xestión vixente, que deberá remitir regularmente ao Concello (...)"

A pesar de que dita advertencia data do exercicio 2018, á data de sinatura do presente informe non consta que exista formalizado ningún procedemento (protocolo, acordo, etc) respecto do pagamento dos servizos da EDAR Bens S.A. ao Concello de Cambre no ámbito da polo que, en exercicios anteriores, os pagos realizados o foron contra factura trimestral coa problemática que tal feito provoca tal e como acreditan os diferentes procedementos contenciosos interpostos por EDAR Bens S.A. ou mesmo a débeda en facturas acumuladas por importe de 2.293.840,71 €, que a día de hoxe están sen tramitar a pesar das reiteradas dilixencias emitidas ao respecto pola interventora titular (Dilixencia de intervención de data 21.09.2023 (CVD: 5PAsZEFdnXBHRsx2H1ui); Dilixencia de intervención de data 09.10.2023 (CVD: xTy+hZF1GCUOpnaCVK4); Dilixencia de intervención de data 27.10.2023 (CVD: YKjuylqw1V2Uzy+fROad); Dilixencia de intervención de data 12.12.2023 (CVD: +BEUgTu+gPSfwOQSDj1O); Dilixencia de intervención de data 20.03.2024 (CVD: s9f1LD2B9q8bEBMK6Yvd); Dilixencia de intervención de data 02.08.2024 (CVD: 3+NDMjGfcqxYTIUzmcNm); Dilixencia de intervención de data 11.04.2025 (CVD: Yk6+gtbl1g4/nb7TTPQZ8); Dilixencia de intervención de data 21.04.2025 (CVD: 4UuOdfoPojN6RDVYrstg)).

Así pois, a modificación da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais proposta pola alcaldesa na providencia de 30.06.2025 (CVD: z9y56G58UvK1UI/CxOOV) podería solventar ese vacío normativo

2.- O procedemento a seguir é o indicado na consideración xurídica SEXTA se ben se advirte que, de conformidade có artigo 3.3.d.1º do Real Decreto 128/2018 do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe de Secretaría.(...)"

O secretario accidental emitiu informe o 21.07.2025 (CVD: KfveYHGu8MZfifYsFwYA).

Polo anterior, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:



Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais, quedando redactada do seguinte xeito:

“(…)

Artigo 6º.- NORMAS DE XESTIÓN (*engádese o parágrafo en cursiva e negrita*)

Unha vez autorizada a acometida, o cobro da tarifa realizarase trimestralmente, conxuntamente coa taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e prestación do servizo de rede de sumidoiros, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa publicación polo Concello do correspondente padrón trimestral da auga.

A explotación do servizo de depuración de augas residuais está encomendada á sociedade EDAR BENS S.A., como medio propio municipal, segundo acordo do Pleno de data 26 de setembro do 2013. En consecuencia, en virtude, non só da potestade tarifaria do Concello, e ao tratarse dunha sociedade mercantil sometida ao réxime de dereito privado, a mesma percibirá, en concepto de prezo ou contraprestación do servizo que presta, as tarifas relativas aos servizos sinalados no artigo 3º.- desta Ordenanza

DISPOSICIÓN FINAL: (modifícase na súa totalidade dacordo cós parágrafos en cursiva e negrita)

A presente Ordenanza aprobouse inicialmente en sesión plenaria de 25 de outubro de 2018 e entrou en vigor o primeiro día do trimestre natural seguinte á data de publicación do texto íntegro no BOP número 246 de 27.12.2018.

A modificación do artigo 6 e da disposición final foi aprobada inicialmente por acordo plenario de 31 de xullo de 2025 e entrará en vigor o primeiro día do trimestre natural seguinte á data de publicación do texto íntegro no BOP, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

Segundo.- A antedita modificación entrará en vigor o primeiro día do trimestre natural seguinte á data de publicación do texto íntegro no BOP, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro.- Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública das ordenanzas, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril de bases de réxime local poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas.

Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, o acordo adoptado quedará definitivamente aprobado.

Cuarto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais modificada.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

A continuación, a Presidencia manifesta que hai unha emenda de UxC sobre este punto que non se admite a debate por falta de congruencia e sobre todo por falta de relación de homoxeneidade. Di que esta emenda non se axusta ao asunto concreto e non ten nada que ver co punto a tratar na orde do día deste pleno, que é a modificación da ordenanza proposta. Manifesta que polo tanto procede a súa inadmisión,



por outra banda, di que, se así o consideran, poden tratar este asunto a través da moción correspondente.

Seguidamente interveñen o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Parceros Quiñoy, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do grupo municipal do BNG de deixar este asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Quince (15), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy e Rodríguez López.

Abstencións: Unha (1), da Sra. Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase rexeitada a proposta de deixar o asunto sobre a mesa.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 21 de xullo de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Votos en contra: Catorce (14), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Lauda Fernández.

Abstencións: Dúas (2), dos Sres. Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a proposta da Alcaldía de data 21 de xullo de 2025 (CVD: 6Y207yxkwi/fnsW/3EQv).

Acceso á videoacta – 00:32:09 horas

Antes de entrar na parte declarativa, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, manifesta que o seu grupo desexa presentar unha moción urxente competencia de pleno, copia da cal entrega neste acto aos membros da Corporación.

A Sra. presidenta manifesta que, en primeiro lugar, hai que xustificar a urxencia.

Intervén o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, quen di que esta urxencia vén motivada porque precisamente xa veu ao pleno de xuño, e dende aí non se fixo nada. Di que ela comentáballo o outro día ao voceiro do PP, que tiveron a emenda sobre a mesa e púidose ter



estudado en tempo e forma. Manifesta que verán que o que piden é que se inicie o expediente e que se fagan os informes pertinentes sobre se esta proposta é factible ou non; que isto ten que ir a comisións informativas, e que isto simplemente, xa que é urxente arranxar este tema, é dar un paso adiante para que se fagan os informes pertinentes e podelos ter en tempo e forma para ir a esas comisións informativas do mes de setembro, e poder vir, se ao final chegan a un consenso, como punto da orde do día ao pleno do mes de setembro. Di que para non demorar máis esta situación, e que esa é a urxencia desta moción.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto, que é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

A continuación, a Presidencia somete a debate e consideración do pleno a moción do grupo municipal de UxC para solucionar o problema coa Edar de Bens, e concede o uso da palabra ao Sr. González Leirós, quen dá lectura á moción que transcrita di:

«Visto o informe da secretaria municipal de data 27.08.2025 en relación á emenda presentada por Unión por Cambre en relación coa modificación da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais.

Visto o informe de Intervención emitido, de 17 de decembro de 2018, por D. Manuel Roel Hernández Serrano (que non se encontra na documentación achegada para este pleno), para o Pleno do 27/12/2018 que no seu apartado de “CONSIDERACIÓNS” sinala:

“b) Durante o prazo de exposición ao público da modificación da ordenanza nº 9 aprobada inicialmente polo pleno municipal con data 26/10/2016 EDAR Bens S.A. presentou unha alegación asinada polo Director Xeral con entrada no rexistro o 19 de decembro de 2016 na que manifesta considerar necesario a introdución no artigo 5 dun parágrafo nos seguintes termos:

“A explotación do servizo de depuración de augas residuais está encomendada a EDAR DE BENS, S.A.; como medio propio municipal, segundo acordo do pleno de 26 de setembro do 2013. En consecuencia, en virtude, non só da potestade tarifaria do concello, e ao tratarse dunha sociedade mercantil sometida a réxime de dereito privado, a mesma percibirá, en concepto de prezo ou contraprestación do servizo que presta, as tarifas relativas aos servizos sinalados no apartado 2.2 deste artigo”.

E continúa:

“c) Dita alegación foi informada desfavorablemente pola Intervención Municipal con data 17 de xaneiro do 2017 no que indica entre outras cuestións que:

“Considérase inapropiada a inclusión do parágrafo que suxire a alegación presentada pola EDAR-BENS, en canto a ordenanza nº 9, indicando que a retribución de encomenda xa está fixada polas tarifas aprobadas e estase percibindo pola entidade e que carece de sentido que un medio propio presente unha alegación contra acordo ditado polo órgano do que depende, o que lle daría ao medio propio unha autonomía que a lexislación non lle atribúe”

Resaltar a similitude deste parágrafo do apartado b) co proposto pola Alcaldía na modificación presentada a este pleno.

Visto no mesmo informe, apartado III.3.-

“Consideracións sobre a retribución dos servizos prestados pola entidade EDAR Bens, S.A.”, facendo referencia o informe de 17 de xaneiro do 2017, que din: *“En ningún caso, las ordenanzas fiscales deben contener la forma de prestación del servicio ni como han de abonarse los servicios prestados al ayuntamiento por otras empresas, si que forma parte de otro tipo de documento, que estará constituido, en caso de prestación indirecta del servicio por medio de una contratación administrativa, por un pliego de cláusulas y un contrato administrativo y, en caso de prestación directa a través de una encomienda de gestión a un medio propio, como es el caso, un documento o pliego de condiciones económicas aplicables a dicha encomienda (...)”*



Visto, de novo, o informe de Intervención emitido, de 17 de decembro de 2018, por D. Manuel Roel Hernández Serrano, neste caso no apartado CONCLUSIONES, arriba transcrito, e visto tamén o apartado de "Conclusiones, do informe de Intervención emitido por Ana María Portela Torrón, para a proposta que aquí se trae. Pero que obvia dicir que tamén:

"C) Tampouco se considera correcto que o denominado medio propio" facture ao concello debendo formalizar un sistema de aboamento periódico da correspondente recadación dos ingresos de dereito público sobre o servizo de depuración como xa se manifestou anteriormente".

D) Tendo en conta o exposto e as dispoñibilidades orzamentarias do concello entendo que o importe a aboar neste intre a EDAR BENS, S.A. e a correspondente a recadación en voluntaria dos padróns trimestrais do exercicio 2017 sen IVE, sobre prestación obxecto da taxa municipal sobre depuración, é dicir 343.248,83."

Vistos os escritos que dende a Concellería de Obras e Servizos se remitiron a Intervención, en contestación ás dilixencias que menciona nos seus informes, e que tampouco constan na documentación achegada nin sequera se fai referencia á súa existencia, onde se traslada a Intervención as advertencias das dúbidas que formulaban os informes de referencia, a necesidade de dar solución a estas dúbidas e proceder ao aboamento das cantidades debidas. Tamén se obvia que foi remitido no seu día a Intervención a proposta de convenio do Concello de Cambre coa EDAR de BENS, para a súa avaliación, así como os convenios de Oleiros e Arteixo, os informes aquí mentados e os traballos da asesoría contratada, para tratar de dar unha solución a este tema por parte do Goberno de UxC.

Vistos os termos nos que se pronuncia o informe de Intervención emitido sobre a proposta presentada que sinala:

*"Así pois, a modificación da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo público de tratamento e depuración de augas residuais proposta pola alcaldesa na providencia de 30.06.2025 (CVD: z9y56G58UvK1U/CXOOV) **podería solventar** ese vacío normativo."*

Atendendo á ambigüidade que supón o termo "**podería solventar...**".

Visto o acordo plenario de data 27.12.2018, que non se achegou neste expediente que se trae hoxe a pleno e supón un antecedente importante neste asunto, polo que se aproba a liquidación, a conta, da débeda con EDAR de BENS, correspondente ao período 2017.

Visto o informe de Intervención JUA NUM 344/2019, de 14.11.2019, que tampouco se achega, formulando aboamento a conta do ano 2018 e o primeiro e segundo trimestre do 2019, aboamentos que si se realizaron, e onde di:

"(...) Teniendo en cuenta que el servicio se sigue prestando, esta intervención considera prudente efectuar el pago a cuenta de los importes recaudados por depuración, correspondientes a los cuatro trimestres de los años 2018 y los dos primeros del 2019, de manera que, en caso de que la posición municipal resultase deudora, no se perjudique a las arcas municipales con posibles reclamaciones de intereses de pagos no realizados ..."

Por todo canto antecede, o grupo municipal de Unión por Cambre **propón á Corporación a adopción do seguinte acordo:**

1. Se inicie o procedemento administrativo correspondente para que se informe e posteriormente se traia a aprobación plenaria o borrador de convenio que consta no Concello de Cambre para asinar entre este concello e a EDAR de BENS e regularizar os pagos a partir da aprobación do dito convenio.
2. Se proceda ao pago da débeda existente a través dun procedemento de liquidación, tal e como se fixo por acordo plenario con data 27.12.2018.»

Interveñen o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío e o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós.



Cando son as once horas e cincuenta e un minutos a Presidencia, a solicitude do Sr. Alcantarilla Rei, voceiro do PSdeG-PSOE, fai un receso para estudar a moción presentada, polo que se suspende a gravación (**Acceso á videoacta 00:50:25 horas**).

Cando son as once horas e cincuenta e oito minutos reanúdase a sesión e a súa gravación (**Acceso á videoacta 00:50:26 horas**).

A Sra. presidenta concede o uso da palabra á secretaria xeral, quen informa que respecto do punto segundo dos acordos da moción, este require os preceptivos informes da Intervención municipal polo que aclara que no suposto de que fose aprobada sería de aplicación o disposto no artigo 115.1 c) do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal as mocións carecerán da eficacia precisa para a adopción inmediata de acordos que esixan informes técnicos, económicos ou xurídicos, necesarios para garantir a oportunidade e advirte que, polo tanto, aínda que teña esa redacción só se poderá entender como iniciado o procedemento para tal fin.

Intervén o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós e a Sra. alcaldesa.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez e Prieto Miramontes.

Abstencións: Dúas (2), dos Sres. Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:52:59 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:53:03 horas

A) A Sra. Presidencia intervén e manifesta que hai unha moción do grupo municipal de UxC, e concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, quen dá lectura a moción rexistrada de entrada ao núm. 202599900005249 o día 22 de agosto de 2025, que transcrita di:



«MOCIÓN SOBRE A NECESIDADE DE ABORDAR O PROBLEMA DE ABASTECIMENTO NA CONTORNA DE CAMBRE, OLEIROS, BERGONDO E SADA.

A Área Metropolitana da Coruña precisa, dende hai tempo, da redacción e tramitación dun “Plan Territorial Integrado”, e/ou un “Programa coordinado de Actuacións”, para abordar aquelas infraestruturas ou dotacións de carácter supramunicipal.

A falta desta figura, que dispoña as directrices a seguir, expón lóxicas disputas sobre quen e como deben abordarse as carencias detectadas. Disputas que se alongan no tempo e dificultan a xestión eficaz e eficiente do que detectamos a diario como necesidade.

Un destes asuntos é o abastecemento de auga nos municipios de Cambre, Oleiros, Bergondo e Sada. En Cambre céntrase, fundamentalmente, en que o centro de distribución do abastecemento da Telva envía a auga ao depósito de Bergondo para dende aí, volver cara atrás para alimentar á parte sur do concello (Pravio, Lema e Sigrás). En definitiva, un percorrido irracional que produce perdas de carga importantes e que como consecuencia diso produce falta de presión na rede, non tanto de caudal, sobre todo no verán e por tanto un servizo insuficiente e deficiente.

Estas son as necesidades que xa se sofren actualmente. Pero non hai que esquecer que todos os Concellos da área están a medrar e con Plans Xerais redactados ou en redacción e por tanto con previsión de crecemento a medio prazo.

Este crecemento non será posible se non adecuamos as infraestruturas ás necesidades e estas deben adecuarse antes de que se produza o previsto crecemento.

Vimos como no último tempo volveuse a poñer no taboleiro a necesidade de garantir o abastecemento de auga en Cambre, Oleiros, Bergondo e Sada.

Necesidade que xa se expuña moito antes de outubro do 2017, cando Oleiros puxo unha parcela en Sarro a disposición de Emalcsa para a contrución dun depósito que teña a capacidade para abastecer a gran parte do Concello de Cambre e Oleiros, fundamentalmente á parroquia de Nós.

Coa creación deste depósito distribuidor alíviase a presión, en demanda, ao depósito de Bergondo o que mellora o servizo dos Concellos de Bergondo e Sada, e por suposto, do polígono industrial do Espírito Santo que cada vez require máis demanda, sen perder de vista as posibles, entendemos que desexables, ampliacións da capacidade de chan industrial na contorna do actual polígono.

É POR ISO QUE PROPOÑEMOS A ESTA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO: A consideración por este Pleno de declarar de interese público e prioritario, a xestión da solución ás deficiencias do abastecemento de auga potable nos concellos de Cambre, Oleiros, Bergondo e Sada coa construción do novo depósito de Sarro.

SEGUNDO: PROXECTO Solicitar a EMALCSA que concrete o estado de redacción do proxecto e as redes de conexión necesarias.

TERCEIRO: FINANCIAMENTO. Elevar o asunto ás administracións con contido supramunicipal, Xunta e Deputación, para abordar a súa participación no financiamento desta obra de carácter supramunicipal, fixando a parte que achegaría cada un (Xunta, Deputación, concellos afectados).

CUARTO: PROGRAMA DE ACTUACIÓN. Que se estableza un calendario de prazos de redacción do proxecto, tramitación, contratación e execución.

QUINTO: Dar traslado deste acordo plenario aos concellos de Bergondo, Oleiros e Sada, a Emalcsa, á Deputación da Coruña e á Xunta de Galicia.»



De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade dos presentes.

A continuación, interveñen a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o concelleiro de UxC, Sr. González Leirós, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Seguidamente, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dúas (2), do/a Sr./a: Carballada Rodríguez e Prieto Miramontes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC rexistrada de entrada ao núm. 202599900005249 o día 22 de agosto de 2025, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

Acceso á videoacta – 01:07:40 horas

B) Neste intre, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, solicita o uso da palabra, e unha vez concedido, manifesta que o seu grupo desexa presentar unha moción urxente, copia da cal se fai entrega neste acto aos membros da Corporación.

A Sra. Presidencia, vista a moción de UxC en apoio aos afectados pola vaga de lumes presentada neste acto, concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, quen di que a urxencia desta moción cren que está máis que xustificada, dado que os lumes que nela se falan aínda están activos e a problemática está latente, polo que di que entenden que non poden demorar as actuacións.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as presentes.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura á moción que transcrita di:

“MOCIÓN EN APOIO AOS AFECTADOS POLA VAGA DE LUMES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende UxC queremos amosar a nosa solidariedade e apoio a todas as veciñas e veciños afectados pola terrorífica vaga de lumes que está arrasando os nosos montes un ano máis. E tamén co resto dos afectados en Asturias, Castela e León, Cantabria, Andalucía e o resto do Estado.

E dicimos un ano máis por que lamentablemente dende o ano 1983, o 49% do terreo calcinado en España foi na nosa comunidade autónoma. Case a metade do monte que se queima no Estado español quéimase en Galicia.



Especialmente preocupante está a ser este 2025, no que xa se superan as negras cifras do 2006 converténdose este ano no peor en vagas de lumes no século XXI superándose xa as 96596 ha.

É absolutamente inadmisibile que non se poña remedio a esta situación ano tras ano.

O que estamos a vivir na nosa comunidade neste mes de agosto volve a poñer sobre o taboleiro a necesidade urxente de cambiar radicalmente a política forestal e a xestión das emerxencias na nosa comunidade.

Que se perdan milleiros de ha. de riqueza forestal ano tras ano, que se perdan vivendas, aldeas enteiras debería de ser motivación suficiente para cambiar o modelo de políticas forestais.

É vital reforzar e acabar coa precariedade das brigadas forestais e que pasen a traballar todo o ano, levando a cabo os tan necesarios labores de prevención. Os nosos montes deben estar limpos e coidados todo o ano, unha carta no mes de xuño lembrando rozar non é prevención.

Urxe remodelar a xestión das emerxencias para que sexa un técnico e non un político quen decrete os niveis de alerta para evitar que unha situación de emerxencia se convirta, como xa aconteceu na DANA e de novo na vaga de lumes, nunha arma arroxadiza entre distintas administracións. O sufrimento de quen perde a súa casa, a súa fonte de ingresos ou a súa vida non debería ser arma política para ninguén.

Débense revisar os protocolos de emerxencia fonte ao lume, pero non só nas brigadas senón en todos os ámbitos na nosa comunidade. No ano 2025 non é comprensible que Arteixo, Culleredo, Oleiros, Cambre e Carral, con máis de 100000 habitantes, dependan dun parque comarcal de bombeiros con 3 bombeiros ...

Urxe renovar o modelo de xestión para dar cabida á situación actual. Débense facilitar a renovación dos persoais e permitirse incorporar máis persoal profesional. Diso sabemos en Cambre, xa que segundo nos dixo a propia alcaldesa estivemos todo o mes de agosto con tan só 1 membro de Protección Civil en activo. E tamén da situación da Policía Local que segue sen incorporar efectivos malia a situación de precariedade que atravesamos.

Cantas hectáreas teñen que arder para que a Xunta se dea conta que o modelo de xestión é totalmente caduco e obsoleto?

Cantas casas e aldeas temos que perder en Galicia para que se invista en prevención, en profesionais cualificados, formados e ben tratados que poidan vivir todo o ano de coidar os nosos montes?

Non queremos héroes nin heroínas, queremos profesionais tratados con dignidade.

Os afectados teñen que poder refacer as súas vidas o antes posible.

É por todo isto que propoñemos á Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno estatal a axilizar as axudas económicas e materiais para todos os afectados pola vaga de lumes, destinando os fondos que sexan precisos para que os afectados recuperen as súas vidas.

SEGUNDO: Instar ás administracións competentes a revisar os protocolos de emerxencias e adecualos ás novas modalidades de emerxencias ás que nos enfrentamos.

TERCEIRO: Instar á Xunta de Galicia e ás Deputacións Provinciais a que se redefina o modelo de xestión en materia de emerxencias, dotando de medios materiais e humanos aos parques comarcais e aos servizos municipais de Protección Civil e Emerxencias.



CUARTO: Instar ás administracións competentes a que tomen as medidas oportunas para acabar coa precariedade laboral das brigadas e traballadores forestais, para que durante todo o ano poidan levar a cabo os labores de prevención que son os máis eficaces para evitar lumes ou que estes sexan de menor gravidade.

QUINTO: Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno Central para que, de agora en diante, unan esforzos en lugar de usar o lume como arma arrojadiza entre eles.

SEXTO: Dar traslado desta moción ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña.»

Interveñen o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, o concelleiro de AV, Sr. Castro Uzal, e o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo grupo municipal de UxC, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal de UxC, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 01:21:56 horas

Non se deu conta de ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 01:21:59 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 70 resolucións numeradas da 714 á 783 do ano 2025, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
714/2025	28-07-2025	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor á Fundación Legar para a preservación da música de raíz, por importe de 450,00 euros (exento IVE) do servizo consistente na

		actividade de animación á lectura "Arrolar", dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa Ler conta moito 2025
715/2025	28-07-2025	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor a Xosé Avelino González Fernández, por importe de 300,00 euros sen IVE (330,00 € IVE incluído) do servizo consistente na actividade de animación á lectura "Paxariños", dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa 20 Ler conta moito 2025
716/2025	28-07-2025	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor a Antonio Manuel Fraga Allegue, por importe de 206,61 euros sen IVE (250,00 € IVE incluído) do servizo consistente na actividade de animación á lectura "Operación Negra Sombra", dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa 20 Ler conta moito 2025
717/2025	28-07-2025	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor a Cuarto de Inverno Sociedade Cooperativa Galega, por importe de 198,35 euros sen IVE (240,00 € IVE incluído), do servizo consistente na actividade de animación á lectura "Da árbore ao libro", dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa LER CONTA MOITO 2025.
718/2025	28-07-2025	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor a María Elena González Arca, por importe de 400,00 euros (IVE 0%) do servizo consistente na actividade de animación á lectura "No monte", dentro do programa de animación Ler conta moito n á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa 2025
719/2025	28-07-2025	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor a Patricia García Lesta, por importe de 300,00 euros sen IVE (363,00 € IVE incluído), do servizo consistente na actividade de animación á lectura "Os rizos de Lía", dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa Ler conta moito 2025
720/2025	28-07-2025	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor. Adxudicar o contrato menor a Irene Quinteiro Blanco, por importe de 308,18 euros sen IVE (339,00 € IVE incluído) do servizo consistente na actividade de animación á lectura "Cambia o conto", dentro do programa de animación á lectura cofinanciado pola Xunta de Galicia a través do programa Ler conta moito 2025
721/2025	28-07-2025	Aceptar a renuncia formalizada en data 18 de novembro de 2024 por ECL respecto do dereito de uso sobre as urnas perimetrais 125, letras B, C e D do cemiterio municipal de Cambre e declarar a extinción da concesión revertindo en favor do concello a dita urna
722/2025	28-07-2025	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 31 de xullo de 2025
723/2025	28-07-2025	Levantar o reparo formulado pola intervención municipal no informe de fiscalización de data 29.12.2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 30.06.2025 Aprobar a xustificación presentada pola Asociación Nais e Pais Fendetastas do CEIP Wenceslao Fernández Flórez e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do Concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 7.3) do convenio asinado para o desenvolvemento das actividades extraescolares do curso 2023/2024

724/2025	28-07-2025	Levantar o reparo formulado pola intervención municipal no informe de fiscalización de data 29.12.2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 30.06.2025. Aprobar a xustificación presentada pola Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do Concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 7.3) do convenio asinado para o desenvolvemento das actividades extraescolares do curso 2023/2024
725/2025	28-07-2025	Levantar o reparo formulado pola intervención municipal no seu informe de fiscalización de data 29.12.2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 30.06.2025. Aprobar a xustificación presentada pola Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do Concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 7.3) do convenio asinado para o desenvolvemento das actividades extraescolares do curso 2023/2024
726/2025	28-07-2025	Levantar o reparo formulado pola intervención municipal no informe de fiscalización de data 29.12.2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 30.06.2025. Aprobar a xustificación presentada pola Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do Concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 6.3) do convenio asinado para o desenvolvemento das actividades extraescolares do curso 2023/2024
727/2025	28-07-2025	Levantar o reparo formulado pola intervención municipal no informe de fiscalización de data 29.12.2024 isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 30.06.2025.: Aprobar a xustificación presentada pola Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple, e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do Concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 7.3) do convenio para o desenvolvemento das actividades extraescolares do curso 2023/2024
728/2025	28-07-2025	Delegar na concelleira dona Maria del Carmen Pan Matos para celebración de matrimonio civil de IP-MS e JNP o día 2 de agosto de 2025 a las 14: horas
729/2025	29-07-2025	Conceder a licenza para a demolición das naves industriais e vivenda unifamiliar sitas na rúa Costa da Tapia, parroquia do Temple. Solicitante: LT, CB
730/2025	29-07-2025	Aprobar e dispor o gasto, así como o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 1.341,67 euros en concepto de costas procesuais do procedemento abreviado 118/2020, e a ordenación do pagamento da devandita cantidade e realización do pago mediante transferencia
731/2025	29-07-2025	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar LFVL e LMMG na parcela sita no lugar de San Lourenzo, consistentes na construción dun porche de madeira pechado e unha construción de bloque prefabricado de formigón e cuberta de tella sen título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
732/2025	29-07-2025	Declarar a desistencia da comunicación previa presentada por NCF para para levar a cabo un movemento de terras na finca sita no lugar de Aián, parroquia de Sigrás, consistente nun desmonte de 377,26 m ³ de terra nunha porción da finca de 500 m ² de superficie, e posterior estendido da dita terra pola mesma finca. Impoñer a NCF unha multa coercitiva polo importe de 1.000 €, polo incumprimento da orde ditada mediante resolución do

		concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 21 de xuño de 2022
733/2025	30-07-2025	Rectificar o número de expediente que figura no parágrafo primeiro da parte expositiva da Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 707/2025, do 24 de xullo
734/2025	30-07-2025	Rectificar o número de expediente que figura no parágrafo primeiro da parte expositiva da Resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 708/2025, do 24 de xullo
735/2025	30-07-2025	Aprobar a nómina do mes de xullo de 2025 por un importe total de retribucións brutas 320.708,48 euros
736/2025	01-08-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
737/2025	01-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de agosto de 2025
738/2025	01-08-2025	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de camiños, canais e portos interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
739/2025	01-08-2025	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
740/2025	01-08-2025	Asignar o número 7 C á edificación situada no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios
741/2025	01-08-2025	Aprobar o aboamento da nómina correspondente ao finiquito de xuño de 2025 de ASS cun total de retribucións brutas 1.000,19 euros
742/2025	01-08-2025	Aprobar e dispor o gasto, así como o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 162,92 euros, en concepto de resto de principal do procedemento abreviado 215/2023, e a ordenación do pagamento da devandita cantidade e realización do pago mediante transferencia beneficiario: Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 da Coruña
743/2025	01-08-2025	Aprobar os gastos por un importe total de 281,52 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos gastos
744/2025	05-08-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas nas datas entre o 1 e o 31 de xullo de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
745/2025	05-08-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao

		Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de xullo de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e eemarcación territorial das entidades locais
746/2025	05-08-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento nas datas entre o 1 e o 30 de xuño de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
747/2025	05-08-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de xuño de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
748/2025	05-08-2025	Determinación de cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva
749/2025	05-08-2025	Nomear a LPV técnica de xestión de Administración xeral interina, encadrada na escala de Administración xeral, Subescala de xestión, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A-2" para a cobertura do posto vacante de técnico de xestión de Administración xeral, de conformidade co art. 23.2 a) da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia
750/2025	06-08-2025	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos de obras públicas interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan
751/2025	06-08-2025	Adxudicar, mediante tramitación de emerxencia, o contrato do servizo de reparación da bomba b2 da EBAR de San Lourenzo, ao licitador Tecnomak Sistemas y Fluidos, S.L. no prezo de 1664,20 euros sen IVE (2013,68 IVE incluído) dada a imperiosa urxencia en contar con ese servizo
752/2025	06-08-2025	Concesión de bonificacións da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de aboamento ostente a condición de familia numerosa (2º trimestre 2025)
753/2025	07-08-2025	Advertido un erro na resolución núm. 575/2025 desta Alcaldía, do día 12 de xuño de 2025, por obras de reforma de alpendre sito en Fonte da Vila, 2, Santa Maria de Vigo, Cambre sen título habilitante, procédese a súa emenda, de acordo co disposto no apartado 2 do artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
754/2025	07-08-2025	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 7/2025 por importe de 121.357,52 euros
755/2025	08-08-2025	Conceder dende o 2º trimestre de 2025 a aplicación da bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de

		subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, con efectos do segundo trimestre de 2025, por cumprir os requisitos esixidos de conformidade cos informes emitidos polos técnicos de Servizos Sociais, ser pagador da poliza de aboamento e estar empadroadado na vivenda obxecto de bonificación. Denegar a solicitude de bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, por non quedar acreditada a súa falta de capacidade económica segundo informe emitido polos técnicos de Servizos Sociais. Dar de baixa, con efectos do segundo trimestre de 2025, a bonificación da taxa de subministración de auga, segundo o establecido no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, da taxa pola rede de sumidoiros, segundo o establecido no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, e no artigo 4 da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario de depuración, tendo en conta os datos achegados pola empresa Augaservi, S.L, ao non ter a condición de aboado nin pagador no trimestre
756/2025	11-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 12 de agosto de 2025
757/2025	11-08-2025	Rectificar a Resolución da Alcaldía núm. 574/2025 do 12 de xuño, pola que se resolve aprobar o reintegro dos fondos non xustificadas da subvención concedida para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no exercicio 2020 a prol da Xunta de Galicia
758/2025	12-08-2025	Conceder a licenza para a construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre. Solicitante: MRN
759/2025	12-08-2025	Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizo de telefonía fixa, liñas adsl, liñas rsdi, acceso a internet, incidencias e avarías prestado pola empresa Telefonica de España S.A.U.
760/2025	12-08-2025	Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado servizo de mantemento copiadoras municipais prestado pola empresa Copi Fax, S.L.
761/2025	12-08-2025	Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado escolas de actividade física e saúde e actividades físico recreativas de verán prestado pola empresa Axiña Servizos Deportivos, S.L.
762/2025	12-08-2025	Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado actividades socioculturais prestado pola empresa Axiña Servizos Deportivos, S.L.
763/2025	13-08-2025	Aprobar a concesión de subvencións correspondentes á convocatoria de axudas de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo" 2024/2025, financiadas polo importe de 16.500,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 241.48000 Subvencións correntes a institucións e empresas fomento do emprego do orzamento do Concello de Cambre vixente, e polos importes que se detallan, por cumprir cos requisitos establecidos e coas condicións esixidas nas bases reguladoras da convocatoria (BOP núm.103 de 02/06/2025, extracto BOP núm.107 de 06/06/2025 BDNS(identif.):836500
764/2025	13-08-2025	Rectificar o erro detectado na base terceira da convocatoria aprobada por resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm.

		750/2025, do 6 de agosto, respecto do proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos de obras públicas interinos
765/2025	13-08-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 24/03/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: PADL
766/2025	13-08-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención dos gastos derivados da vivenda habitual, concretamente para recibos de alugueiro establecida no artigo 7, solicitada o 04/12/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.3, non constitúe unha solución axeitada ou non resolve de forma significativa a necesidade formulada Solicitante: MT
767/2025	13-08-2025	Considerar desistida a MJME da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da divenda habitual establecida no artigo 13 da Ordenanza reguladora, concretamente para lentes correctoras solicitada con data 26/05/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
768/2025	13-08-2025	Considerar desistido a SBP da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da ordenanza reguladora, concretamente para recibo de luz solicitada con data 03/02/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
769/2025	13-08-2025	Considerar desistida a MPVD da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da ordenanza reguladora, concretamente para recibo de luz solicitada con data 11/03/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
770/2025	14-08-2025	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao segundo trimestre de 2025, no que constan 12.812 recibos por un importe de 672.100,59 euros
771/2025	14-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de agosto de 2025
772/2025	14-08-2025	Nomear a SHAA administrativa interina encadrada na escala de administración xeral, subescala administrativa, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C1, por exceso ou acumulación de tarefas para reforzar o programa de servizo de axuda no fogar no departamento de Servizos Sociais e nomear a NLA administrativa interina encadrada na escala de administración xeral, subescala administrativa, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C-1 por exceso de acumulación nas tarefas de apoio aos labores da coordinadora de servizos sociais, ambas ata o 31 de decembro de 2025
773/2025	14-08-2025	Nomear a SPO traballadora social interina encadrada na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional A2, por exceso ou acumulación de tarefas para reforzar o programa de servizo de axuda no fogar no departamento de Servizos Sociais ata o 31 de decembro de 2025
774/2025	18-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 21 de agosto de 2025

775/2025	19-08-2025	Nomear a LBG técnico de xestión de administración xeral interino, encadrado na escala de Administración xeral, Subescala de xestión, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional A-2, por exceso ou acumulación de tarefas, adscrito ao Departamento de Intervención por un prazo máximo de nove meses dentro dun período de dezaioito meses, de conformidade co artigo 23-2d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
776/2025	19-08-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MUL
777/2025	19-08-2025	Considerar desistido a JAVM da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 26/05/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
778/2025	19-08-2025	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: LGN
779/2025	21-08-2025	Declarar a caducidade do expediente ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo, de acordo co establecido nos artigos 25 e 95.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 32.2 da Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de Cambre. Iniciar procedemento sancionador a FGC como consecuencia da presunta comisión dunha infracción moi grave, consistente no exercicio da actividade do local sito na rúa Polígono, O Temple, superando en máis de 6 dBA os límites sonoros máximos establecidos para ruído en horario nocturno
780/2025	21-08-2025	Facer rendibles excedentes temporais de tesourería por importe de 22.000.000 euros, mediante a súa colocación a prazo fixo por un período de tres meses, solicitando a tal fin a presentación de ofertas as entidades financeiras con sede na praza
781/2025	22-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 26 de agosto de 2025
782/2025	22-08-2025	Delegar no concelleiro don Rubén Vázquez Pérez a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de ABB e MGG
783/2025	22-08-2025	Delegar no concelleiro don Rubén Vázquez Pérez a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de AMBB e MPP

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 29 de xullo de 2025
- Proposta relativa á aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a ampliación do cemiterio parroquial de San Xoán de Anceis-Cambre. Expediente 2024/U035/000001
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de agosto de 2025
- Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación para a "Contratación artística e produción do XXXIII Festival Rock in Cambre 2025 a celebrar polo Concello de Cambre". Expediente núm. 2025/C004/000011



3.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 01:22:12 horas

ROGOS DE UxC PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900005316 o día 25 de agosto de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:22:25 horas

Lee o rogo o Sr. González Leirós.

“POSIBILIDADE DE OUTORGAR LICENZA EN CHAN NON URBANIZABLE COMÚN INTERIOR A NÚCLEO.

Este asunto xa foi tratado, valorado e emitido criterio interpretativo entre o ano 2021 e o ano 2022.

En decembro do 2021, o arquitecto municipal, D. Agustín Barca Cotelo, emite un informe urbanístico abrindo a posibilidade de obter licenza de edificación neste tipo de chan. A súa conclusión era “É viable edificar unha vivenda unifamiliar, NESTA CLASIFICACIÓN DO SOLO”.

A este informe contesta o xefe da área, antes de que se traslade ao solicitante, indicando que esta nova interpretación choca frontalmente co aplicado ata o momento, tamén polo mesmo técnico, e que ademais non é acertada, desde o mundo xurídico.

Ante isto, o arquitecto municipal insiste en defender a súa tese, Remíndolo instrucións, como xefe de “planeamento e xestión” para que se aplique a súa versión, non atendendo ás dadas polo seu superior xerárquico, é dicir, o xefe de área.

Tras escritos e contra escritos, o 07/07/2025, o xefe da área remite escrito ao concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras poñendo en coñecemento o incumprimento de instrucións: “ ..., *ponse no seu coñecemento tales feitos co fin de que se adopten as medidas que se consideren pertinentes ante a gravidade dos mesmos, non só polo incumprimento de instrucións e ordes e a negligencia no servizo que tal aptitude supón, senón polos graves prexuízos que a mesma a este concello pódelle supoñer, pensamos no caso daquel propietario que recibe por escrito certificación ou información urbanística de que a súa parcela é edificable e posteriormente denégaselle a licenza de edificación que solicita...*”.

Chegados a este puntoponse orde na situación trasladando ao interesado:

- Que ten a obriga de aceptar as instrucións do xefe da área.
- Que de non estar de acordo debe presentar motivación, que será escoitada e avaliada.
- Que neste caso dado o exposto, por ambos e dado o carácter eminentemente xurídico, entendemos que debe prevalecer a instrución da xefatura da área.

Non volvemos ter coñecemento de que neste punto se producirán máis discrepancias e polo tanto demos por pechado o asunto.



E por iso que nos causou asombro que, o arquitecto municipal, xefe de Plan e Xestión, na comisión de seguimento do plan xeral, resucite este asunto creando confusión e controversia nun tema que se daba por tratado, avaliado e pechado. Entendemos que se o fixo, nesta comisión, foi co beneplácito do goberno actuante, como non pode ser doutra forma, pois que en caso contrario sería una falta que se pone definir como grave.

Por outra banda temos coñecemento de que estas discrepancias estan a chegar aos veciños e técnicos afectados, o que lles produce inquedaanza, desconcerto e inseguridade xurídica, amén de que sitúa á administración apreciación de caos que non debe permitirse.

Posto que entendemos que os conflitos deben resolverse no interior da propia administración e ser trasladados ao público na forma sinxela, comprensible e lexible.

Ante a transcendencia que supón, para o veciños e técnicos, que a propia administración emita ou traslade informacións contraditorias respecto da interpretación dunha ordenanza de aplicación que para os efectos debe ser regrada.

Por todo canto antecede, fórmulase a seguinte proposta de actuación:

- Póñase en coñecemento da Corporación se houbo contraorde, sobre tal interpretación, mediante resolución, ou outra fórmula, contraria á adoptada no seu día e tómense as medidas necesarias para aclarar este asunto para coñecemento xeral da cidadanía.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. Gonzalez Leirós.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:30:43 horas

Lee o rogo o Sr. González Leirós.

«Nas comisions pasadas, do día 21 de agosto, formulouse a seguinte pregunta: “Cales son as causas polas que as obras do parque Ramón Barba están paradas?”

A contestación foi: *“Las mismas por las que las que las tenía paradas el gobierno anterior”*.

As causas polas que estaban paradas polo Goberno anterior é que a continuidade do pavimento estaba afectado por un cadro eléctrico existente. Cadro eléctrico que estaba previsto substituír por outro e para iso necesitábase desconectar o existente e conectar o novo.

Para resolver o problema pediuse á empresa subministradora, a quen corresponde este tipo de operacións, un orzamento previo. Este foi emitido por una cantidade de aproximadamente 1700 euros.

Recibido o orzamento deuse orde de xestionar o pago para que a empresa subministradora executase a desconexión e nova conexión da rede xeral a cadro. O prazo para realizar o traballo, contrastado coa subministradora, cifrábase entre unha e dúas semanas.

Pasados cerca de tres meses e atendendo a que as causas son as mesmas que as que tiña o Goberno anterior.

FORMULAMOS A SEGUINTE PROPOSTA DE ACTUACIÓN:



- Contratar coa empresa subministradora a desconexión do cadro existente e conexión ao novo, de forma urxente para poder rematar as obras do parque.»

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

(Cando son as doce horas e corenta e un minutos, auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei, que se reincorpora cando son as doce horas e corenta e tres minutos)

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900005323 o día 25 de agosto de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:37:27 horas

Lee o rogo a Sra. Rodríguez López.

“O pasado 27 de abril produciuse un roubo no local sociocultural de Bribes, durante o cal forzouse a porta do almacén, como se pode apreciar na fotografía adxunta. Rogamos que repare de forma inmediata a devandita porta, dado que o seu estado actual supón un risco para a seguridade do local e dos bens que se gardan no seu interior.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:38:25 horas

Lee o rogo a Sra. Parcerro Quiñoy

“Desde o Grupo Municipal Socialista solicitamos que se actúe de forma inmediata na limpeza e roza da senda peonil de Cela. Tal e como se aprecia na fotografía, á altura da curva da Casilla o camiño atópase totalmente intransitable, obrigando aos peóns a circular pola calzada.

Esta situación supón un grave risco para a seguridade viaria, polo que pedimos que se adopten as medidas oportunas con carácter urxente.”

A sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:39:01 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

«Desde o Grupo Municipal Socialista de Cambre manifestamos a nosa preocupación pola falta de rigor e seriedade coa que se están atendendo os rogos e preguntas expostas tanto nas comisións informativas como nos plenos desde o inicio do actual mandato do PP. En numerosas ocasións, as respostas ofrecidas son incompletas, evasivas ou non gardan relación co preguntado, e noutros casos simplemente alégase descoñecemento sen ofrecer ningunha solución nin interese por atopala.

Esta actitude dificulta o labor de fiscalización que corresponde á oposición e supón unha falta de respecto cara aos grupos que representamos á maioría dos veciños e veciñas de Cambre. Por iso, rogamos a este Goberno que asuma, dunha vez, o compromiso de responder coa máxima rigorosidade ás preguntas que



se formulen e que os rogos aceptados sexan xestionados de maneira efectiva, evitando respostas xenéricas como “a ver se é posible” ou “farase cando se poida”, e dotando a esta sala de plenos do respecto institucional que merece, en beneficio e polo interese xeral dos veciños.»

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO E ORALMENTE

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:40:30 horas

Rexistrado de entrada ao núm. 202599900005321 o día 25 de agosto de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcrito di:

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“En relación coas colonias felinas de Cambre, atendidas, e en moitos casos financiadas ata as esterilizacións, como xa se tratou nas comisións informativas, quedou claro que Servigal é unha empresa que dá un servizo moi deficitario e pouco sensible co trato aos animais. Sabendo que xa noutros concellos optan por manter este servizo doutro xeito, nós propuxemos que se leve a efecto con veterinarios do noso concello, favorecendo así, un trato máis cercano, e dando traballo á xente do noso concello. Como por parte da concellería delegada, se quedou en tratar ese asunto para a súa viabilidade, co visto bo das persoas que atenden ás colonias.

SOLICITAMOS: Que se lle dea prioridade a esta solución, cara á súa implantación de xeito inmediato, aliviando así ás voluntarias, e cumprindo coa obriga que teñen os concellos para evitar a proliferación de gatos/as feraces.”

O Sr. Gonzalo Lamela contesta o rogo.

2º rogo (presentado oralmente) - Acceso á videoacta – 01:40:30 horas

O Sr. Carballada Rodríguez formula o seguinte rogo:

Di que facía a Sra. alcaldesa mención nun punto anterior do pleno, concretamente nunha moción de UxC, á necesidade de como concello figurar con letras maiúsculas, e dalgunha maneira, di que el entendeu así, con mando en praza, e dende logo di que subscribe esa vontade, na xestión, na gobernanza de todo o que ten que ver co ciclo e coa xestión, case poderían dicir comercialización da auga, toda vez que, efectivamente, hai un encoro, que é o encoro de Cecebre, hai un río, que é o río Mero, que soporta dalgunha maneira toda a carga de transportar auga ata as inmediacións da Telva, situadas tamén en boa medida no Concello de Cambre, e di que eles fixeron sempre unha reflexión histórica, que cando se funda Emalcsa, Empresa Municipal de Augas da Coruña, nun marco normativo moi diferente, a principios do século XX, inicialmente a auga que daba servizo á Coruña viña da traída de Cañás, e froito desa realidade, a comezos do século XX Carral ten presenza no accionariado de Emalcsa, Carral ten presenza no consello de administración de Emalcsa, Carral ten unha sede de Emalcsa no Concello de Carral, e parte dos beneficios que derivan da actividade de Emalcsa en múltiples frontes revirten, aínda a día de hoxe, no Concello de Carral.

Continúa dicindo que cando se acomete a traída dende Cecebre, logo da construción da presa, nun marco normativo aínda máis diferente a mediados dos anos 70, nese caso no marco da ditadura, opérase de maneira total e absolutamente deliberada de costas ao Concello de Cambre que non ten o máis mínimo



poder de decisión nin de intervención en todo o ciclo da auga. Di que se tramita o tema unicamente a través da Deputación da Coruña, naquel momento o Goberno Civil, e Concello da Coruña a través de Emalcsa. Di que, polo tanto, a súa reflexión é, estando de acordo coa intervención que tivo a Sra. alcaldesa, na necesidade do Concello de Cambre, reclamar o seu papel, a súa importancia e o que lle corresponde en toda a cuestión do ciclo da auga, formulan o seguinte rogo:

Rogamos ao Concello de Cambre que proceda a iniciar os trámites para solicitar a participación accionarial e no consello de administración de Emalcsa, tan sinxelo como iso. Di que entenden que obedece a unha serie de casuísticas que teñen que ver cunha xustiza que case poderían dicir histórica, e moi ligada aos principios democráticos, e se esa cuestión, ese requirimento, polas boas non se atende, di que eles entenden que o Concello de Cambre deberá obrar en consecuencia, pero que o que procede de boas a primeiras é ir dende a vía por así dicilo amistosa, expoñer publicamente un problema, unha inxustiza histórica, e tentar buscar solucións. Di que o resto, senón, é simplemente fogos de artificio.

3º rogo (presentado oralmente) - Acceso á videoacta – 01:45:16 horas

O Sr. Carballada Rodríguez formula o seguinte rogo:

Di que traen aquí unha realidade moi próxima, que nas inmediacións da praza de Europa colocou o concello un sinal que di prohibido a entrada de cans no recinto do parque. Di que primeiramente hai unha cuestión lingüística, que dicir recinto implica que hai algún tipo de límite, de valado, de cortapisa, para delimitar xustamente no que neste caso se entende como un parque, que di que eles entenden que se refire, obviamente, ao que todos poden chamar praza de Europa. Di que eles non din que os cans non teñan que levar correas, se as teñen que levar, non teñan que levar bocal se o teñen que levar, e por suposto que non poden mexar en calquera sitio e que se defecan por suposto hai que recoller o froito dos seus excrementos, pero di que lles sorprende esa determinación tan taxativa por parte do Concello. Que eles non teñan coñecemento dela, cren sinceramente que non se adecúa ao procedemento que marca a lei en canto a este tipo de sinalizacións nos parques, e que por iso rogan ao Concello de Cambre que retire a praca referida da praza de Europa ata que non se traten en comisións informativas as zonas de accesibilidade canina na vila de Cambre. É dicir, que poidan todos falar, con máis coñecemento, dende logo o Goberno dar as explicacións necesarias, e chegar a un entendemento para saber, como, cando, en que sitio, horarios, circunstancias, poden os cans facer uso dos espazos da vía pública no concello.

Di que entenden dende o BNG que falando é moi factible a posibilidade de chegar a un acordo que non limite isto que, en certa maneira, non deixa de ser un dereito, non tanto que tamén dos animais, senón tamén dos tenedores dos animais para, respectando as normas, poder desfrutar dos espazos públicos.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202599900005326 o día 25 de agosto de 2025, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:47:51 horas

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal.

“Rogamos se estude a posibilidade de cambiar de localización dos contedores de lixo situados na rúa Estanque á altura do nº 10. Debido ao pouco civismo de moitos veciños, xunto cos locais de hostelería da contorna, os fins de semana o lixo acaba fóra dos contedores por estar cheos e despois espaxado pola beirarrúa polas gaivotas e gatos. A causa deste problema os veciños do nº 10 teñen que ter as fiestras



pechadas xa que non é a primeira vez que se lle mete unha gaivota na vivienda. Propoñemos que se recolquen os contedores na praza de en fronte que non ten ningún edificio preto e hai espazo suficiente.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:48:44 horas

Lee o rogo o Sr. Castro Uzal

“Debido á proximidade das festas da parroquia do Temple, solicitamos que se arrombe e roce na medida do posible o aparcadoiro e arredores situado en fronte do colexio Portofaro, lugar onde se celebrará o dito festexo.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 01:49:07 horas

PREGUNTAS DE UXC PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900005316 o día 25 de agosto de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:49:18 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Lesta

“Visto que a alcaldesa de Cambre foi a única da área metropolitana que emitiu un bando no que solicitaba a colaboración dos veciños e veciñas de Cambre para reducir o consumo de auga o pasado 11 de agosto.

Visto que o encoro de Cecebre estaba no día que emitiu o dito bando, ao 77,27% da súa capacidade, e ao día no que se entregan por rexistro estas preguntas ao 72,73% segundo datos da web embalses.net, o que indica que está moi lonxe de ter unha situación de seca ou preseca.

Visto que ningún outro concello, dos abastecidos polo depósito do Espírito Santo que é o que supostamente tivo unha situación complicada por momentos por causa de fugas ou consumo excesivo por parte dalgunha empresa, tal e como asegurou a alcaldesa da Coruña, Inés Rey.

Solicitamos á alcaldesa de Cambre que explique os motivos que a levaron a pedir aos veciños e veciñas de Cambre que restrinxisen o consumo de auga cando o resto dos concellos non o fixeron.”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:51:45 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Lesta



“Visto o mail enviado polo concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior o pasado 21 de agosto co convenio interadministrativo co Concello de Culleredo en materia de persoal. Preguntamos, que validez ten un convenio que non ten sinatura ningunha?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:52:32 horas

Lee a pregunta o Sr. Mallo Castro.

“Cal foi o período medio de pago a provedores do segundo trimestre do ano que tería que estar publicado dende principios de xullo no portal de transparencia e non o está?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900005323 o día 25 de agosto de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:52:60 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcerero Quiñoy

“Que medidas está a adoptar o Goberno municipal para solucionar o problema da auga turbia en Cambre e garantir aos veciños unha subministración en condicións óptimas?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:53:37 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“Pode o Goberno municipal confirmar de forma oficial que o Rock in Cambre se celebrará o 27 de setembro e facilitar a listaxe de grupos participantes?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:54:28 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Lamas

“Solicitamos que nos informen dos asuntos tratados na visita realizada por parte do concelleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, o pasado 8 de agosto.”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO



Rexistradas de entrada ao núm. 202599900005321 o día 25 de agosto de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:55:27 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“En que punto están os clubs de lectura?”

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:56:17 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Tiveron algunha xuntanza coa Fundación W. F. Flórez?”

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:56:46 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Nos arredores do cemiterio municipal hai un burato cercado, e sinalizado dende hai meses, así como os colectores do lixo, cheos, o que obriga a xente a deixalo tirado no chan. Que nos poden dicir arredor destes dous problemas?”

A Sra. Prieto Miramontes aclara que a pregunta se refire ao cemiterio de Cecebre.

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202599900005326 o día 25 de agosto de 2025, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:59:22 horas

Lee a pregunta o Sr. Castro Uzal.

“Na parroquia do Temple existen 3 pistas deportivas sen que a veciñanza poida facer uso delas. A do parque Ramón Barba debido ás obras que dende hai meses están paralizadas, a da rúa leva preto dun ano agardando a que se repoña un valo tirado polo temporal, o mesmo que a da rúa Otero Pedraio que leva máis de 1 mes pechada ao público, polo que preguntamos: Cando van a estar operativas as ditas pistas deportivas?”

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:00:57 horas



Lee a pregunta o Sr. Castro Uzal.

“Sentimos ser repetitivos porque xa é a terceira vez que traemos rogos ou preguntas respecto do mesmo tema (dúas veces se lle solicitou ao goberno anterior sen solución ata o momento) polo que preguntamos se se fixo algún tipo de solicitude ou reclamación a “Augas de Galicia” para que reparase urxentemente a ponte que une Cambre con Culleredo ao principio do paseo fluvial do río Mero e así evitar que ciclistas teñan que discorrer pola carretera ata a Barcala.”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

ROGO DE UxC PRESENTADO ORALMENTE

Acceso á videoacta – 02:01:38 horas

A Sra. Pan Lesta formula o seguinte rogo:

Di que ten que ver coa resposta que deu a Sra. alcaldesa respecto da reunión que tivo co conselleiro Diego Calvo, en relación ao campo de fútbol de Lendoiro; que simplemente o que piden é cumprir o rogo que aceptaron, cre que en dúas ocasións, de licitar esa obra; que esa obra ten crédito aprobado o ano pasado a través dun suplemento de crédito; que desa obra deixaron o expediente de contratación con informes enriba da mesa; que soamente teñen que adxudicala. Di que de todos os xeitos, agradecer tamén, e aplaude a iniciativa, que pola Xunta de Galicia se apoie este investimento, pero lembrarlles que aceptaron ese rogo. Pide que por favor liciten esa obra.

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e dez minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

A presidenta

(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo